



NÃxer, o mercado da fame

Description



Miles de nenos morreron, mesmo nos centros de nutrici3n, aÃnda que, tal e como relata o informe 2006 de AnmistÃa Internacional, nunca se deron datos da desfeita, pois Mamadou Karijo, presidente en democracia, sempre se ocupou mÃas de ocultar as vergoÃas do paÃs e de defender a sÃa xesti3n do dÃficit pÃblico perante os depredadores do FMI que de alimentar aos seus gobernados.

(Foto: Nais cos seus nenos, enfermos e subalimentados, nun centro de alimentaci3n de MÃdicos sen Fronteiras en Maradi, Nixer, o 30 de xullo de 2005. ©Michael Kamber).

Nixer   o paÃs mÃas pobre do mundo. Mellor, o mÃas miserento, pois non estamos a falar da sÃa extensi3n, nin das sÃas reservas de uranio, que por certo son moitÃsimas, nin do petr3leo que estÃn a descubrir no norte do paÃs. Ese des3rtico estado do Shel africano, terra maldita, ocupa este ano o derradeiro lugar (177) na clasificaci3n que elabora o PNUD segundo o  ndice de Desenvolvemento Humano (IDH), que se fai medindo parmetros como a esperanza de vida, a mortalidade infantil, as taxas de escolarizaci3n e alfabetizaci3n e o PIB por habitante.

Nixer sempre andou polo fondo desa dolorosa listaxe, como os outros 29 paÃses africanos que se fan sitio entre os 32 mÃas desgrazados do orbe, pero as consecuencias da grave crise alimentaria acontecida o ano pasado, aquela que s3 nos deixaron ver cando o tsunami asitico perdeu interese meditico, relegaron ao paÃs a ese lugar de onde xa non se pode caer, salvo a extinci3n da vida.

Un ano antes da fame grande de 2005 moitas ONG xa advertiran a ONU do desastre que virÃa logo de sufriren unha terrÃbel seca e unha praga de lagostas que esnaquizou o reducido agro nixerino (15% da terra cultivbel). S3 cando as imaxes de centos de nenos inertes de face desorbitada e corpos chuchados ata o inimaxinbel saÃron nas televisi3ns do mundo a comunidade internacional reaccionou para achegar, en febles pingueiras, os 13 mill3ns de euros necesarios para alimentar urxentemente a 3,2 mill3ns de nixerinos en risco. Foron moi lentos. A un mes do desesperado chamamento das axencias s3 chegaran ao paÃs 3,8 mill3ns. E se a malnutrici3n severa  un de cada catro menores de 5 anos morre, o que equivale a 160.000 ao mes  lle engadimos a indiferenza mundial, pois xa sabemos o que pasa.

Miles de nenos morreron, mesmo nos centros de nutrici3n, aÃnda que, tal e como relata o informe 2006 de AnmistÃa Internacional, nunca se deron datos da desfeita, pois Mamadou Karijo, presidente en democracia, sempre se ocupou mÃas de ocultar as vergoÃas do paÃs e de defender a sÃa xesti3n do dÃficit pÃblico perante os depredadores do FMI que de alimentar aos seus gobernados.

  certo que as causas destes cr3nicos andazos de fame dos paÃses do Shel, dende Nixer a Mal, Mauritania, Chad ou Burkina Faso, teÃen moito de estruturais. Nixer   un paÃs ermo, ateigado de n3mades, con pouca educaci3n, mesmo no eido alimentario e sanitario, onde non hai electricidade, nin auga, nin seguridade social e no que s3 se atopa un mÃdico por cada 33.000 habitantes. Por3n, non son poucos os que afirman que o problema non   a falta de comida, sen3n que a

meirande parte da poboación é tan pobre que non ten con que mercala e, xa que logo, en momentos de crise a súa capacidade de resposta e nula.

Ao cabo sempre chegamos ao mesmo: o mercado, o neoliberalismo. Nixer ten o peor IDH do mundo e gasta máis en pagar a débeda externa que en educación e saúde. Cando os alimentos se esgotan as familias venden o que teñen para os mercar, mesmo o gando, que polas leis dese mercado rexido pola oferta e a demanda e non polas necesidades da poboación, hoxe non vale ren, mentres que o prezo da comida se disparou. Nese miserento país a sanidade é de pago: unha consulta costa 75 céntimos e un parto seguro 10 euros. E todo grazas ás políticas de axustamento estrutural do FMI e o Banco Mundial, esas polas que hai que reducir como sexa o déficit público para recibir axudas en forma de créditos, e que xa estudan que os pais paguen aos mestres de escola [Ramón Lobo, El País, 2005] e impoñen a eliminación do control governamental no prezo da gasolina e a privatización dos sistemas de rega no agro. Outro dato máis: o 80% dos deputados son terratenentes.

Este ano a colleita en Nixer foi mellor, mais as familias venderon o gran para pagar as débedas do ano pasado. Acción contra el Hambre e Unicef levan meses avisando doutra desfeita alimentaria para este ano, na que 3,8 millóns de persoas “700.000 nenos e nenas” se enfrontan de novo á fame grande porque non existe un apoio internacional sostido. A UE achegou o mes pasado 10 millóns de euros, pero ata entón as axencias só recibiran o 51% dos 200 millóns imprescindíbeis para salvar a crise, para que a poboación sobreviva á chamada “estación da fame”, entre agosto e setembro.

Leo que o Real Madrid de fútbol pensa pagar entre 30 e 38 millóns de euros por un tal Mahamadu Diarra. A acabación é que o coitadiño é de Malí. Seranche as cousas do mercado, pero a min danme todos noxo?

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

África ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Agosto 18, 2006

Meta Fields

Autoria : 10478

Datapublicacion : 1970-01-01 00:00:00